

LICENZA DE OBRA DE REFORMA COMERCIAL DE LOCAIS EN INMOBLES CON PROTECCIÓN DE PATRIMONIO CULTURAL

| | | | | |
|------------------------|---------------------------------------|------------|------------|----------|
| DATOS DO/A SOLICITANTE | DATOS DO NOVO SOLICITANTE | | | DNI/CIF |
| | DATOS DO SEU REPRESENTANTE | | | DNI/CIF |
| | Enderezo para efectos de notificación | | | Concello |
| | Código Postal | Teléfono 1 | Teléfono 2 | E-mail |

| | | |
|--|---------------------------|----|
| DATOS DO/A SOLICITANTE | Emprazamento do local: | |
| | Emprazamento..... N°..... | |
| Referencia catastral..... | | |
| Descrición das obras..... | | |
| Actividade á que se vai destinar o local..... | | |
| <p>Descrición do espectáculo público ou actividade recreativa (conforme ó Anexo do Decreto 292/2004, de 18 novembro, que aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia)</p> <p>.....</p> <p>.....</p> <p>CÓDIGO DO CATÁLOGO:.....</p> <p>AFORO:.....PERSOAS</p> | | |
| Orzamento das obras: | Superficie total : | m2 |
| <p>Tras a obtención da licenza e unha vez realizadas as obras, comunicarse ao Concello o cumprimento dos requisitos da licenza e o inicio da actividade achegando o formulario CP-06 para a posta en funcionamento da actividade xunto co correspondente Certificado Final de Obra que acreditará a adecuación do establecemento á licenza outorgada.</p> <p>NO CASO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS (do catálogo do Anexo do Decreto 292/2004): Tras a obtención da licenza e unha vez realizadas as obras, comunicarse ao Concello o cumprimento dos requisitos da licenza e o inicio da actividade achegando o formulario o/a de declaración responsable do inicio da actividade (impreso DR-02), achegando certificado final da obra.</p> | | |
| <p><i>O interesado AUTORIZA e DÁ o seu CONSENTIMENTO informado, libre e específico ó Concello de Ferrol para o tratamento dos datos persoais aquí reflectidos para actividades que son propias do mesmo, para o seguimento e xustificación da actividade no exercicio dos poderes públicos ostentados por esta Administración en aras de dar cumprimento ao interese xeral propugnado polo artigo 103 da CE en relación co disposto na Lei 39/2015, de 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O órgano responsable e encargado do tratamento é o Concello de Ferrol cuxa dirección é Praza de Armas, s/n, 15402 (Ferrol), todo ó que se informa ós efectos dos artigos 6 e 7 do Regulamento n.º 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 (RXPD). Os datos proporcionados neste modelo normalizado e documentación anexa, pasarán a formar parte dun Rexistro do Concello de Ferrol (A Coruña), onde poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición (incluíndo expresamente a limitación do tratamento) dirixindo ao Concello solicitude neste eido. Así mesmo, informámoslle que o tratamento dos seus datos será realizado de acordo co disposto no RXPD.</i></p> | | |

Impreso de licenza de obra de reforma comercial de locais en inmobles con protección de patrimonio cultural.

Datos identificativos do titular ou de quen organice a actividade e, de ser o caso, da persoa que actúe na súa representación:

- Persoas físicas: DNI (ou documento que faga as súas veces). Os que comparezan ou asinen en representación doutro, acompañarán ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable).
- Persoas xurídicas: DNI do representante e documentación acreditativa da representación e Escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda.

Carta de pagamento: será confeccionada no momento de presentación da comunicación previa polo Rexistro de Urbanismo (Edificio de Urbanismo, 3º andar).

Documento acreditativo da dispoñibilidade do inmovible (escritura de compravenda, contrato de arrendamento, etc).

Autorizacións e informes sectoriais preceptivos.

Proxecto técnico das obras de adaptación a realizar, asinado por técnico competente, incluíndo os planos de situación e deslinde, plantas, alzados e seccións do estado actual e reformado do local e xustificación do cumprimento das Esixencias Básicas do Código Técnico da Edificación, regulamentos técnicos específicos obrigatorios e normativa urbanística municipal. O proxecto deberá xustificar que tras as obras o local será apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función da súa natureza e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico, seguridade contra incendios e accesibilidade precisas para o uso pretendido. Orzamento desglosado por capítulos e unidades de obra.

Proxecto técnico da actividade (ou Memoria de instalacións no caso de instalacións de pequena entidade) redactado por técnico competente, no que se inclúa a descrición detallada das instalacións, equipos, e medidas correctoras necesarias para o seu desenvolvemento, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos ou administrativos, asinada por técnico competente.

Certificación expedida por facultativo competente acreditativa de que o local é apto para o novo uso, conforme á normativa aplicable en función do mesmo e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, seguridade e solidez, accesibilidade, illamento térmico e acústico, e seguridade contra incendios precisas para o uso pretendido e que conta coas autorizacións e rexistros sectoriais.

Nomeamento do técnico director da obra, do técnico director da execución e do técnico responsable da seguridade e saúde da obra, segundo corresponda.

Declaración responsable (ou certificado colexial) de técnico competente no que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade.

Reportaxe fotográfica, incluíndo fotografías da totalidade de fachada e do interior do local, suscrita polo solicitante e polo técnico competente redactor da documentación.

A MAIORES, NO CASO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS: (artigos 40.2.b e 40.4 Lei 9/2013)

Proxecto e documentación técnica que resulte esixible segundo a natureza da actividade (Enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións a desenvolver, co contido e detalle que permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial de aplicación, e virán redactados e asinados por persoa técnica competente), incluíndo a memoria explicativa da actividade a desenvolver e planos acoutados en planta, alzado e sección, así como a xustificación da normativa de aplicación á actividade da que se trate (DB-SI, DB-SUA, sistema de ventilación, cumprimento da normativa acústica...)

Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia*, e o recibo de pago das primas correspondentes ó período do seguro en curso ou copia dos mesmos (*Disp.Trans. 3ª da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia*).

* Conforme ó establecido no artigo 8 da *Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos e actividades recreativas de Galicia*, a póliza de seguro deberá cubrir a responsabilidade civil que sexa imputada directa, solidaria ou subsidiariamente ás persoas titulares ou organizadoras e que cubra os danos persoais ou materiais e os prexuízos ocasionados a usuarios ou asistentes e os seus bens, producidos como consecuencia da xestión ou explotación da actividade ou das accións do persoal ou empresas subcontratadas

Documento acreditativo, asinado pola persoa interesada da designación da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou actividade recreativa ós requisitos esixibles

No seu caso, **certificado, acta ou informe de conformidade** emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal (ECCOM) reguladas na Lei 9/2013.

NO CASO DE REQUERIR A MONTAXE DE ESTRUCTURAS NON PERMANENTES DESMONTABLES, engadirá:

- a) Documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que ha de asumir a responsabilidade técnica **da montaxe da instalación.**
- b) O **marcado CE** e a **declaración CE** de conformidade das instalacións e o **certificado da instalación** de baixa tensión de conexión coa rede.

| | | |
|-----------------|----------------------|---------------------------|
| DATA E SINATURA | | Sinatura do/a solicitante |
| | Data da solicitude | |
| | Código da solicitude | |

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL